

Polideportivo






MAÑÁ | CAMPO DE A MAGDALENA (Vilalba)

17:00 h Final da Copa Deputación Feminina

19:00 h Final da Copa Deputación Preferente - Primería Rexional

MOTONÁUTICA

Campionato España de Radiocontrol

O encoro do Río Cobo en Cervo acolle durante a fin de semana esta proba da que saíran os campións de España nas diferentes categorías. A competición contará con 70 embarcacións

XADREZ

VI Torneo sub-2200 da Xedrez

Máis de medio centenar de xogadores e xogadoras cítanse na Casa das Asociacións do Parque de Frígsa en Lugo para participar neste torneo baixo o formato de xogo suízo

AUTOMOBILISMO

Xirakarting 2018 chega a Lugo

A praza de Augas Férreas será o escenario desta iniciativa que pretende achegar o mundo do motos ás familias a través de circuitos de karts. A cita será hoxe e mañá con diferentes probas

PATINAXE

Campus de patinaxe artística

O Concello de Foz organiza este campus nas instalacións do CEIP O Cantel onde se reuniran nenos e nenas dende os catro anos e será dirixido por Rebeca Díaz, adestradora de Nivel 2

FÚTBOL BASE

Torneo Costa Nova na Mariña

40 equipos de Asturias, cantabria, País Vasco, Castela e León e Madrid participan nun campionato que arrincou onte pero que se decidirá ao longo do día de hoxe e mañá

A Carreira Vía Verde do Eo homenaxea a Tito Margide

A proba terá lugar hoxe no concello natal do corredor cun percorrido de 10 quilómetros á beira do río Eo, seguindo o trazado marcado polo antigo tren mineiro que unía A Pontenova con Ribadeo

A Pontenova estréase hoxe como escenario dunha carreira popular. A Asociación Deportiva e Cultural das Minas organiza a primeira edición da Carreira Vía Verde do Eo "Tito Margaride", en homenaxe a quen é o deportista máis laureado do concello e un dos mellores fondistas galegos. A súa traxectoria deportiva será recoñecida tamén antes do inicio da proba, nun acto institucional no que se inaugurará o polideportivo municipal coa nova denominación "Pavillón Municipal Tito Margaride".

O acto servirá como prólogo a unha carreira que transcorrerá pola Vía Verde do Eo, un espazo acondicionado como ruta de sendeirismo, que aproveita o trazado da antiga vía do tren mineiro que transportaba o mineral extraído nos xacementos de ferro de Vilaodrid e tratado nos fornos da Pontenova ata Ribadeo. A función orixinal desta ruta farase evidente para os participantes nos catro túneles que atravesarán durante a carreira, sempre á beira do río Eo. O entorno natural no que se realizará a carreira é un dos principais reclamos desta iniciativa deportiva que nace con vocación de continuidade, e que contou cunha gran acollida entre os corredores da zona.

O punto de encontro dos corredores será na Pontenova, onde se poderán recoller os dorsais desde as 15:00 ata as 17:00 horas. A organización porá a disposición dos participantes un autobús que os trasladará ata o punto de saída, nas proximidades da zona de "Pé da Viña", no veciño concello asturiano de San Tirso de Abres. Os participantes tomarán a saída ás 17:30 horas e farán a ruta inversa a que facía o tren, en dirección á Praza dos Fornos da Pontenova, por un percorrido de 10 quilómetros metade terra metade asfalto, e sen apenas desniveis, o que fai a proba algo menos esixente malia a considerable distancia a percorrer.

Á chegada á meta, os corredores poderán empregar as duchas e vestiarios do campo de fútbol da Mina -a 150 metros da chegada- e reponerse do esforzo con avituallamento líquido e sólido que facilitarán desde a organización. Tito Margaride, quen se iniciou no atletismo na súa infancia na Pontenova da man do médico e atleta Mariano Castiñeira, estará na liña de meta para recibir aos corredores e para participar no acto de entrega de trofeos aos tres primeiros clasificados e clasificados.

A traxectoria de Tito Margaride

Jesus González Margaride (A Pontenova, 1967) escribiu algunha das páxinas máis brillantes do fondismo galego a finais dos anos oitenta e comezos dos 90,



O Atleta Tito Margaride nunha imaxe de arquivo na Muralla de Lugo | Óscar Cela

con dous campionatos galegos en pista – de 5000 e 1500- e un de cross, ademais de varias participacións internacionais coa Selección Española. En xuño de 1992, horas antes de correr en Budapest unha proba de 5.000 metros na que quería asegurar a marca mínima para participar nos Xogos Olímpicos de Barcelona 92, unha trombose truncou a súa traxectoria. A piques de cumprir os 25 anos, o atleta pontenovés xa tiña gañado daquela o recoñecemento do atletismo galego e español –expresado por figuras como Martín Fiz ou Fermín Cacho- e gardaba forza abonda para ir a dúas edicións dos Xogos Paralímpicos, a Atlanta no 1996 – sétimo posto en 5.000 metros - e a Sidney no 2000 – bronce en 1500 metros e oitavo en 800 metros-.

A Pontenova en maratóns internacionais con Albións A Carreira Popular Vía Verde do Eo incide no aproveitamento deste espazo natural, acondicionado en torno ao trazado da ruta do ferrocarril no que, coa chegada do bo tempo e especialmente nas fins de semana, moitos aproveitan para facer sendeirismo ou saídas en bicicleta. No entanto, é a primeira vez que

se converterá en escenario dunha proba organizada e cronometrada de forma homologada.

Máis aló da caza e da pesca, o fútbol –co Spórting Pontenova como referencia- é o deporte con máis afeccionados no concello pontenovés, pero o atletismo vai cobrando forza nos últimos tempos arredor dun grupo de corredores afeccionados –moitos deles tamén parte da Asociación Cultural e Deportiva As Minas- que participan baixo o nome de Albións en carreiras de toda Galicia, e mesmo fóra. Santi Coladas, membro da directiva das Minas, foi un dos que iniciaron esta afección na Pontenova. "Levo uns 14 ou 15 anos correndo, e neste tempo fóronse sumando máis rapaces. A algunhas carreiras vamos uns 15 rapaces de aquí, que tendo en conta que somos un concello de pouco máis de 2000 habitantes, está bastante ben". A Behovia de San Sebastián, as maratóns de Valencia, Madrid, Barcelona, Oporto ou Xenebra foron as citas máis internacionais nas que participaron nos últimos anos. En Xenebra, na que participaron catro corredores - Bruno Bouza, Rubén Ron, Ramón Fernández e Santi Coladas- foron campións absolutos por equipos.



SD Albións na 37 Maratón de Valencia | Santi Coladas



Albións A Pontenova campións absolutos por equipos no Maratón de Ginebra



Lugo acolle o Campionato Galego de piragüismo

400 padexeiros de categoría alevín e benxamín chegados das catro provincias galegas competirán mañá a partir das 11:00 horas no entorno dos Robles

Uns 400 padexeiros das catro provincias galegas participarán no Campionato Galego de Piragüismo benxamín e alevín que se disputa mañá pola mañá nas augas do Río Miño, no entorno da Escola Provincial de Piragüismo, na capital luguesa.

O Goberno da Deputación e do Concello colaboran na organización desta cita, facendo posible que a provincia de Lugo acolla por primeira vez un campionato deste nivel. No evento estarán representados 31 clubs de toda a comunidade, entre eles os sete lucenses: Club Deportivo San Ciprián, Fluvial de Lugo, Kayak de Foz, Club de Piragüismo Viveiro, Altruán de Ribadeo, Quixós de Monforte e Club de Piragüismo Cidade de Lugo, organizador da proba.

Os participantes darán unha volta a un circuíto con ciabogas de aproximadamente 1.500 metros. Ás 11:00 da mañá darase a primeira saída da categoría masculina e feminina prebenxamín, o resto probas disputaranse cada 30 minutos, pechando a competición os alevíns ás 14:00 horas.

A maioría dos clubs de fóra da Provincia chegan xa hoxe á cidade, o que suporá, segundo as estimacións da Deputación Provincial, un retorno económico próximo aos 100.000 euros.

Na presentación da proba, o Deputado de Deportes, Pablo Rivera Capón, suliñou que "froito da nosa aposta decidida polo deporte da piragua, a provincia de Lugo volverá ter o protagonismo que lle corresponde pola tradición coa que conta esta modalidade no noso territorio, avalada por dous medallistas olímpicos e 418 padexeiros federados. O feito de que a Federación nos elixira como sede para a organización dun campionato deste nivel, tamén é un premio ao esforzo e traballo conxunto que estamos a facer cos sete clubs lucenses para a posta en valor e promoción deste deporte entre as nenas e nenos dos 67 concellos lucenses".

Programa de promoción provincial do piragüismo

O Goberno da Deputación puxo en marcha o pasado ano o Programa de promoción provincial do piragüismo, para o que o Executivo destina 212.500 euros, divididos en tres anualidades - 42.500 euros en 2017, 85.000 euros en 2018 e 85.000 euros en 2009.

"O feito de que a Federación nos elixira como sede para a organización dun campionato deste nivel, tamén é un premio ao esforzo e traballo conxunto que estamos a facer cos sete clubs lucenses para a posta en valor e promoción deste deporte entre as nenas e nenos dos 67 concellos lucenses" Pablo Rivera



Con cargo a este programa, a Federación Galega de Piragüismo e os sete clubs desta modalidade deportiva da Provincia asinaron un convenio para a contratación de 7 técnicos, un por cada equipo, que realizan unha labor de promoción nos centros educativos a través da campaña escolar "Deporte Educación" coa finalidade de aumentar a base de usuarios de piragüismo.

Ata o de agora, visitáronse 33 colexios da Provincia, dando charlas a 3.439 rapaces de entre 8 e 12 anos. Estes coloquios reanudaránse tras o período vacacional nos colexios e concellos a partir do mes de setembro. Ademais, do total de centros e alumnos alcanzados, 23 colexios con 764 rapaces acudiron a facer unha parte práctica, quedando pendente nos outros 10 poder facer a actividade en setembro e outubro.

Outras das liñas de traballo que contempla o Programa

de promoción provincial consiste no asesoramento técnico nos procesos de adestramento aos clubs da provincia de Lugo, cun control e seguimento destes procesos e dos resultados competitivos e académicos aos padexeiros da Provincia a través de visitas aos clubs e concentracións.

Ademais, organízanse xornadas técnicas, cursos de formación e todas as accións docentes precisas para formar aos técnicos existentes nos clubs.

A Deputación puxo a disposición deste proxecto a Escola de Piragüismo Provincial, para que cumpra a función de plataforma de divulgación e promoción da práctica do piragüismo na Provincia e contribúa na captación de futuros padexeiros e na consolidación dos clubs da Provincia. Así, serán os propios clubs os que xestionen directamente a escola, situada no entorno dos Robles.

M. LOSADA

M U L T I M A R C A

Guitiriz

www.automovilesmosada.com





BILLAR

COMPETICIÓN BILLAR

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
Liga Bola 9	Antonio Martínez	David Mosteiro	Hoxe
Liga Bola 9	Jorge Blanco	Joaquín de Santiago	Hoxe
Liga Bola 9	Victor Castro	Andrés Varela	Hoxe
Liga Bola 9	Omar Engroba	Javier Vázquez	Hoxe
Liga Bola 9	Edgar Redondo	Jose Capón	Hoxe
Ind. 2ª	Omar Rajal	Jorge Blanco	Hoxe
Ind. 2ª	Iván Rey	Marcos González	Hoxe
Ind. 2ª	Alejandro Doval	Andrés Varela	Hoxe
Ind. 2ª	Jose Capón	Jose M. Díaz	Hoxe
Ind. 3ª	Rubén Fdez	Jose Sampayo	Hoxe
Ind. 3ª	Roberto Cardeiro	Jaime Fontal	Hoxe
Ind. 3ª	Borja Argerey	Samuel Yanes	Hoxe
Ind. 3ª	Mar Expósito	Carlos Vázquez	Hoxe
Ind. 3ª	Justo Rguez	Jose Cazón	Hoxe
Ind. 3ª	Amalia Buide	Juan Vázquez	Hoxe
Ind. 3ª	Luis M. Barreira	Ángel Doural	Hoxe



DARDOS

COMPETICIÓN DARDOS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
Parejas V. 1	Javier & Javier	Barbantia	Mañá
Parejas V. 2	Tibor	Xeixo	Mañá
Parejas V. 2	Terracita 1	King Pool	Mañá
Parejas V. 3	Tiempos O Chao	Os Polonios	Mañá
Parejas V. 4	Gaücho	Goya	Mañá
Parejas V. 4	Chacaritas	Tuerce Darts	Mañá
Parejas V. 4	Valla Dos	Darts Wade	Mañá
Parejas V. 5	Cristal Pro	Cuña Tor	Mañá
Parejas V. 5	Adrián & Víctor	Darts Pipers	Mañá
Parejas V. 6	Ruxedarts	Underground	Mañá
Parejas V. 7	Os de Monforte	López & Matt	Mañá
Parejas V. 7	López & Matt	Os de Monforte	Mañá
Parejas V. 8	Monopoly	Pub Harley	Mañá
Parejas V. 8	Amador & Baran	Pes United	Mañá
Parejas V. 10	Bolas de Cristal	Tiempos	Mañá
Parejas V. 11	Perfil	A Hermida	Mañá
Parejas V. 12	Dam&Sam/Sam	A Pas	Mañá
Parejas V. 13	A Terracita B	Las Chungas	Mañá
Parejas V. 14	Manu & Camba	Rincón do Demo	Mañá
Parejas V. 16	Non Teñen Tempo	Vero & Cris	Mañá
Parejas V. 16	Canadienses	Ángel & Ferni	Mañá
Parejas V. 16	Gaücho da Casa	Borra Chuzos	Mañá
Parejas V. 16	Rocketeam	Victor & Javito	Mañá
Parejas V. 16	Victor & Javito	Rocketeam	Mañá
Parejas V. 17	Mario & Jorge	Cereales Killers	Mañá
Parejas V. 17	Cereales Killers	Mario & Jorge	Mañá
Parejas V. 17	Os Fisiri	Vakillas	Mañá
Parejas V. 18	Náutico	Pub Templo	Mañá
Parejas V. 20	Bregóñ	Curruncho	Mañá
Parejas V. 22	Manu/Chan	O Chao	Mañá
Parejas A	Dani/Danis	No se Aplaza	Mañá
Parejas A	Javier/Ábuelo	Os Bichos	Mañá
Parejas A	Roxo/Piplus	Los Tramaos	Mañá
Parejas B	Richi/Karlos	Blues Brothers	Mañá
Parejas B	Monopoly	Adrián/Mera	Mañá
Parejas B	Tiempos	Valla dos	Mañá
Parejas B	Ruxedarts	Chacaritas	Mañá
Parejas C	A Veiga	Damián/Pereiras	Mañá
Parejas C	Bar Mario	Victor/Jorge	Mañá
Parejas C	Peril/Rios	Bolas de Cristal	Mañá
Parejas C	O Braseiro	Os Novos	Mañá
Parejas D	As Lacaras	Os Ábuelos	Mañá
Parejas D	Candienses	Os de Monforte	Mañá
Parejas D	Dami/Samuel	Nessa/Iaias	Mañá
Parejas D	Manu/Camba	Tiempos Vou	Mañá



TRIATLÓN

Hoxe. Praia Arnao. Castropol. Eo SPRINT

Uns 150 atletas participarán mañá na proba de Triatlón Eo Sprint que se celebrará na praia de Arnao, pertencente ao concello asturiano de Castropol, separada de Ribadeo pola Ponte dos Santos. A proba, aberta á participación de atletas de sete categorías desde cadetes a veteranos (masculino e feminino), dará comezo ás 11:00 horas no areal.

Os participantes terán que completar un circuito de 750 metros de natación, 20 kms de ciclismo e 5 kms de carreira a pé.



MOTONÁUTICA

Hoxe e mañá. CAMPEONATO ESPAÑA DE CIRCUÍTO RADIOCONTROL TÉRMICO

O encoro do Río Cobo en Cervo acolle durante a fin de semana esta proba da que saíran os campións de España nas diferentes categorías. Correranse tres mangas de trinta minutos, das que puntuarán as dúas mellores.

A competición contará coa participación dunha vintena de pilotos de diversas comunidades e arredor de 70 embarcacións distribuídas en categorías segundo a potencia do motor.

A partir das 10:00 h. comezará a formalizarse as inscricións e haberá adestramentos libres ata as 13:00 h. Ás 16:00 h. darán comezo as mangas de cada categoría. Mañá, o horario de adestramentos libres será de 9:00 h. a 10:00 h., cando comezará a disputarse as mangas restantes.



AUTOMOBILISMO

Hoxe e mañá. Augas Férreas. XIRAKARTING 2018

Xirakarting é unha iniciativa que pretende achegar o mundo do motor ás familias a través de circuitos urbanos de karts. O evento comezou onte. Hoxe e mañá o horario será de 12:00 a 14:00 horas e de 16:30 a 21:30 horas. A entrada de adulto custa 15 euros e a dos nenos, 10 euros, con mangas de 7 minutos.

Esta duodécima edición volve incluír probas puntuais para a competición dos máis pequenos, de 4 a 7 anos, a denominada Rockies Cup, co obxectivo de xerar canteira de pilotos en Galicia. Para o mellor participante, haberá unha beca.

Ademais de circuitos de karts, neste evento haberá outras alternativas de lecer como hinchables. Tamén se realizarán xornadas de portas abertas con formación impartida por Ernesto Vázquez, instructor de One Seven Racing, na escola CKarting, de forma gratuíta, para os nenos e nenas de 4 a 7 anos, mañá de 12:00 a 16:00 horas



ATLETISMO

Hoxe. Begonte. CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE

Por terceiro ano consecutivo o Concello de Begonte organiza esta carreira, cun percorrido de 7 quilómetros á beira do Río Ladra. Ademais desta proba absoluta para corredores das categorías sénior e veteranos, organízanse carreiras máis curtas para as categorías de menores -desde os 150 metros dos mini e os 3000 metros dos cadetes-.

O punto de encontro e saída da Carreira estará situado no Club Fluvial de Begonte. A proba absoluta comezará ás 12:30 horas, mentres que as de menores arrancarán de forma escalonada desde as 11:30 h. Tras as carreiras, celebrarase un Xantar popular.

Hoxe e mañá. Murcia. CAMPEONATO ESPAÑA SUB 20

Santiago Rozas Trastoy, de Lucus Caixa Rural, en 110 mv; Alexander Barreiro, de Lugo RC Ramos Lourés, en triple salto; Oliver Vázquez, de Lucus Caixa Rural, en lanzamento de xavelina; e Miriam Otero, de Lugo RC Ramos Lourés, e Adiaratou Iglesias, de Lucus, en 100 ml, serán os representantes lucenses neste campionato. A competición reúne máis de 700 atletas en Murcia durante a fin de semana.

Hoxe e mañá. Gijón. CAMPEONATO ESPAÑA SUB 18

Dez atletas de clubs lucenses participan nas diferentes probas que se celebran ao longo da fin de semana en Gijón. Trátase dos deportistas de Atletiá Lucense Carlos Álvarez - 400 ml e salto de lonxitude -, Bilal Dahmouni - 1500 ml -, Guzmán Carril - 110 e 400 mv -, Lucas Lorenzo -110 mv-, Hugo Martínez -10 km marcha-, Sara López -3000 m-, Uxía Pereira -100 mv- e Sara Gómez -100 mv-; de Blanca Rodríguez -200 e 400 ml- de Lugo RC Ramos Lourés; e Uxía Sureda - lanzamento de xavelina- de Lucus Caixa Rural. O campionato reúne 950 atletas de toda España.



TRIATLÓN

Hoxe. Pontevedra. VIII TRIATLÓN CIDADE DE PONTEVEDRA/CTO GALEGO PARATRIATLÓN

Unha vintena de triatletas lucenses de Cidade de Lugo e Tri Ponta Terras de Lugo participan nestas dúas competicións que se disputan ao longo desta tarde no entorno do embarcador da Ponte dos Tirantes, na cidade do Lérez. O Cidade de Pontevedra é unha proba clasificatoria para o Campionato Galego Sprint.



FÚTBOL



Hoxe e mañá. Mariña Lucense. TORNEO COSTA NOVA

Un total de 40 equipos de Asturias, Cantabria, País Vasco, Castela e León e Madrid, participan neste torneo que arrincou onte e que continuará durante a fin de semana.

A competición, que este ano chega á vixésimo segunda edición, disputarase en sete campos repartidos en cinco concellos mariñaos: Burela, Xove, Foz, Barreiros e Alfóz.

No cartel do torneo figuran equipos de 22 clubs: ED Lourenzà Talleres Icardi, Porto de Burela, Santiago de Foz, Casás, UD Xove Lago, CD Foz, Bertamián FC e Victoria CF, Amigos de Gijón, CD Cayón, CD Montdevil, Astileku, Unionistas Salamanca, Juventud Estadio Oviedo, Olímpico CF, Astur, CD Covadonga, CD Tineo, CD Unión Arroyo, SD Nueva Montaña, Ribamontán Al Mar, FPAC Tecnificación e Peña Beryma.

A competición disputarase en todas as categorías de base, desde prebenxamíns a xuvenís. Despois de dúas xornadas maratonianas de fútbol -onte e hoxe- nos sete campos que son sede do torneo, mañá xogaranse as finais de cada unha das categorías na Marosa e en Malates.

Na pasada edición, o Porto de Burela logrou o título na categoría benxamín e foi subcampión en cadetes

Os organizadores calculan que o Costa Nova traerá á Mariña unhas 1.200 persoas durante a fin de semana.



XADREZ



Hoxe e mañá. Parque de Frigsa. Lugo. VI TORNEO SUB-2200

Esta fin de semana celébrase en Lugo o III Torneo de Xadrez Sub 2200, organizado pola Escola Laguesa de Xadrez e a Asociación Cultural Xaquedrum.

Máis de medio centenar de xogadores e xogadoras reuniranse na Casa das Asociacións do Parque da Frigsa para participar no torneo que se disputará segundo o sistema de xogo suízo, en cinco rondas, a un ritmo de 60 minutos máis 30 segundos por xogada. O torneo está aberto á participación de xogadores de todas as idades con puntuación inferior a 2.200 nos cómputos de Elo da Federación Internacional de Xadrez, ou sen presenza nos rankings federativos.

A cita enmárcase nun circuito de seis torneos que Xaquedrum organiza ao longo do ano -torneos escolares, Cidade de Lugo, Scacorum- e que dan continuidade á actividade competitiva unha vez finalizadas as ligas galegas por equipos.



PATINAXE

Do 25 ao 29 de xuño. Foz. CAMPUS DE PATINAXE ARTÍSTICA

O campus, organizado polo concello de Foz, celebrarase nas instalacións do CEIP O Cantel, onde os nenos e nenas, a partir dos catro anos de idade, gozarán da patinaxe artística e de actividades complementarias en horario de 10:30 a 19:30 horas. A dirección técnica do campus, que chega á súa décimo primeira edición este ano, correrá a cargo de Rebeca Díaz, adestradora nivel 2 de patinaxe artística.



A presentación do torneo foi a semana pasada no Salón de Actos da Deputación Provincial de Lugo

Heroes do Orzán

70 equipos participan na fase mariñá do torneo de fútbol sala homenaxe aos falecidos na praia coruñesa. A cita acudirán equipos de Galicia, Asturias, Madrid e Castela e León

Setenta equipos participarán no torneo de fútbol sala Heroes do Orzán que se celebrará desde o vindeiro mércores ata o domingo, un de xullo, en distintas localidades da Mariña Lucense. A Fundación Imdecum, organizadora do evento, última os preparativos para que a pelota comece a rodar nas canchas mariñas coa participación de Galicia, Asturias, Madrid e Castela e León.

Pescados Rubén Burela FS, ADC Lugo Sala, SD Porto de Burela, AD Santiago de Foz, ACD Xove e EDM Concello de Guitiriz completan a nómina de clubs lucenses no torneo. Os equipos da Provincia terán que medirse a aspirantes como 5 Coruña FS, Cidade de Narón, EDC Celanova, Troula Betanzos, Carballiño FS, Os Meigallos FS, Castrelo FS, Leis Pontevedra, Sport Sala Culleredo ou ADFS Bueu – do resto de Galicia- ou a candidatos doutras comunidades autónomas como o EFS Siero asturiano, o Valladolid Tierno Galván e CD Laguna –os dous de Valladolid- ou o madrileño Las Rozas Boadilla, cun gran palmarés nos campionatos nacionais de base. O renome e calidade dos equipos e xogadores que reúne evento, que chega este ano á súa sexta edición, nunha cita de referencia do deporte de base no norte de España.

A competición disputarase nas categorías prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil, polo que a maioría dos clubs desprazarán ata a Mariña máis dun equipo. A Deputación de Lugo, principal patrocinadora do evento cunha achega de 10.000 euros, estima que o torneo suporá a chegada de máis de 4.000 persoas entre participantes, familiares e espectadores. Os encontros disputaranse nos pavilións municipais de Viveiro e Xove; A Veiga, en San Cibrao; Martínez Otero, en Foz, e os polideportivos de Monte Castelo e Vista Alegre, en Burela.

Fase Coruñesa

O torneo chega o vindeiro mércores á Mariña despois dunha primeira fase disputada na Coruña do 14 ao 17 de xuño na cidade herculina, o evento contou coa participación de vinteseite equipos da provincia da Coruña e con representación lucense, coa presenza na competición do Burela FS. O equipo mariño logrou a tercer praza na categoría alevín.

Homenaxe

O memorial supón tamén unha homenaxe a José Antonio Villamor Vázquez, Rodrigo Maseda Lozano e Javier López López, os tres policías falecidos na praia do Orzán en 2012, cando tentaban rescatar a un rapaz que tamén morreu no suceso. A súa actuación en acto de servizo recoñeceu con ese título simbólico de Heroes do Orzán, que deu nome ao torneo organizado pola Fundación Imdecum.

Na presentación do evento, na Deputación de Lugo, o pasado 12 de xuño, os familiares dos homenaxeados recibiron un retrato dos mozos feito polo ilustrador Juan Carlos Martínez, 'Charly'. "Agradecemos moito

esta iniciativa tan bonita, que fomenta valores como o deporte e o traballo", afirmou Isabel Lozano, nai de Rodrigo.

O torneo chega o próximo mércores á Mariña despois dunha primeira fase disputada na Coruña na que participaron 27 equipos



O Páramo e Outeiro de Rei, finalistas da Copa Deputación

Mañá, a partir das 19:00 horas na Magdalena, o fútbol provincial pon o punto e final á tempada coa disputa da final do cadro de equipos de Preferente e Primeira

Outeiro de Rei e O Páramo disputarán a gran final da Copa Deputación para os equipos que competiron este curso en Preferente e Primeira Rexional. O Rei de copas, o Outeiro de Rei, parte como favorito, pero o Páramo de Carlos Fontal chega nun estado de forma, e sobre todo de confianza, espectacular tras apear a varios aspirantes ao título. Este encontro será o punto e final á tempada no fútbol provincial, e disputarase a partir das 19:00 na Magdalena, en Vilalba.

O Outeiro de Rei, pese a descender de Preferente Autonómica, é o favorito, principalmente por ser o auténtico Rei de copas nunha competición que gañaron varios anos de forma consecutiva, e que tempada tras tempada séntalles como anel ao dedo. Ademais, será a despedida do seu adestrador, Juan Peón, á fronte do equipo.

Pero para técnicos o de O Páramo, Carlos Fontal. O sarriao tomou as rendas do equipo coa misión de salvarlo do descenso, conseguíuno, e ademais levouno ata a final de Copa. Fontal compaxinou esta tempada o cargo de adestrador deste equipo co de coordinador e adestrador do Calasancio infantil, co que tamén logrou a permanencia cun sprint final de tempada espectacular.

O O Páramo plantouse na final tras eliminar á Sarriana na quende de penaltis, ao Xermade por cero goles a tres, ao Lemos na Pinguela, tamén dende os once metros, e ao Viveiro nas semifinais tras impoñerse por tres goles a un.

O camiño para chegar á final por parte do Outeiro de Rei foi máis curto, pero igual de exitoso. Os de Juan Peón non disputaron a primeira eliminatoria, pero na segunda impuxéronse por un gol a dous ao Ribadeo, en cuartos de final eliminaron ao Monterroso en Cerdeiriños por un gol a tres, e en semifinais ao Taboada na Medela por cero goles a tres.

O equipo que gañe farao poñendo o broche final a unha tempada na que ambos foron de menos a máis. Ao Outeiro de Rei non lle chegou para salvar a categoría en Preferente pese ás catro vitorias consecutivas que asinaron no mes de abril, mentres que O Páramo busca a gloria na súa a primeira final da Copa Deputación que disputarán.



Plantel do Outeiro de Rei, que competiu esta tempada en Rexional Preferente



O equipo ao completo de O Páramo, que esta tempada competiu en Primeira Rexional

FÚTBOL FEMININO

A Magdalena tamén acolle a final da Copa feminina, que disputarán Peluquería Mixta Friol e Antas

A final da Copa Deputación feminina disputarana Friol e Antas, mañá a partir das 17:00 horas na Magdalena, en Vilalba. As de Geluco parten como favoritas ao competir en categoría superior, pero as da Ulloa buscarán a sorpresa para poñer o broche de ouro a unha tempada na que xa celebraron un ascenso. Á mesma hora, pero no Estadio Roca, Milagrosa e Ribadeo xogan polo terceiro e cuarto posto.



Axudas a deportistas lucenses

A DEPUTACIÓN DE LUGO ACHEGA 75.000 EUROS nunha programación de concorrencia competitiva. O prazo para as solicitudes é ata o venres, 29 de xuño



O Deputado de Deportes, Pablo Rivera Capón, avanzou que a Xunta de Goberno aprobou as axudas de 75.000 euros da Deputación para deportistas individuais da provincia de Lugo. Nos vindeiros días publicarase no BOP, e a continuación abrirase un prazo para presentar as solicitudes. Na web da Deputación haberá un banner con toda a información e a documentación a presentar.

O Deputado de Deportes explicou que "esta programación está dotada de 75.000 euros, e en total ofertarase 150 bolsas, das cales 11 estarán reservadas para deportistas con capacidades diferentes. Estas axudas premian o esforzo competitivo, e ademais valoraranse os resultados acadados nas competicións provinciais, galegas, estatais e internacionais".

Rivera Capón engadiu que "somos conscientes das dificultades que supón hoxe en día a práctica deportiva profesional, polos elevados custes de desprazamentos, inscricións en competicións ou material técnico, dificultades que se ven incrementadas no caso dos deportes individuais. Estas axudas contribúen a mellorar a calidade de vida dos nosos deportistas, e ao mesmo tempo contribúen a recoñecer o seu traballo e o seu esforzo diario".

Poden acceder ás bolsas todos os deportistas da provincia de Lugo que teñan ficha federativa durante o ano 2018 e que dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do 2017 participaran en competicións deportivas oficiais, tanto de carácter provincial, galego, estatal como internacional, e manteñan na data de presentación de solicitudes a súa actividade competitiva oficial e federada.

As bolsas terán un importe máximo de 1.500 euros e

Os interesados en participar nesta programación de concorrencia competitiva poden presentar a súa solicitude a través do Rexistro ata o vindeiro venres, 29 de xuño

un importe mínimo de 300. Así mesmo, establécese unha idade máxima de 35 anos, a data de 31 de decembro de 2017, para os aspirantes, un criterio que non será de aplicación no caso dos deportistas con capacidades diferentes.

Premio ao esforzo competitivo

Para premiar o esforzo competitivo, á hora de levar a cabo a distribución das bolsas terase en conta a seguinte táboa de baremación:

POSTO	1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º	11º-16º	17º...
PROBAS CAMPIONATO DO MUNDO	100	90	80	70	65	60	55	50	45	40	30	20
RANKING MUNDIAL	90	80	70	65	60	55	50	45	40	30	20	
PROBAS CAMPIONATO DE EUROPA	80	70	60	55	50	45	40	35	30	20	15	10
RANKING EUROPEO	60	50	40	35	32	30	28	26	24	22	10	
PROBAS CAMPIONATO DE ESPAÑA	40	35	30	25	22	20	18	16	14	12	8	5
RANKING ESPAÑA	30	25	20	18	16	15	14	13	12	11	5	
PROBAS CAMPIONATO GALEGO	30	17	14	12	10	9	8	7	6	5	2	1
RANKING GALEGO	15	12	10	8	6	5	4	3	2	1		
PROBAS CAMPIONATO PROVINCIAL	10	8	6	4	2							
PROBAS CAMPIONATO MUNDIAL UNIVERSITARIO	20	17	14	12	10	9	8	7	6	5	2	
PROBAS CAMPIONATO ESTATAL UNIVERSITARIO	15	12	10	8	6	5	4	3	2	1		
PROBAS CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO	10	8	6	4	2							